

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

H-. BONIFICACIÓN POR CONTRATACIÓN DE USUARIOS DA BOLSA DE EMPREGO

O Porriño non só é unha vila eminentemente emprendedora, como o reflexa o volume de negocio xurdido en torno a ela, se non que ademais como derivada principal deste desenvolvemento ten unha necesidade de persoal laboral competente e eficiente no seu posto, que sosteña esta actividade diaria. Un dos condicionantes máis importantes á hora de contratar un traballador, aínda que non o único, é o conxunto dos recursos económicos necesarios para a súa posta en funcionamento.

Consciente destas dificultades a Concellaría de Empleo pon en marcha un programa de Axudas Municipais á Contratación de persoal, co que se pretende estimular a contratación de desempregados do Concello do Porriño, e mitigar, en parte, o esforzo económico que afecta a toda empresa ou persoa emprendedora e que, en moitos casos, supón un impedimento moi importante a hora de desenvolver, expandirse ou mellorar a propia actividade ou propostas de negocio.

Daquela propóñense unha serie de axudas “bonificacións a contratación” para aquelas empresas que soliciten profesionais a Bolsa de Empleo, e que deste modo, contribúan a reducir o número de desempregados pertencentes ao Concello do Porriño.



Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

BONIFICACIÓNS ÁS EMPRESAS POR CONTRATACIÓN A USUARIOS DA BOLSA DE EMPREGO

OBXECTIVOS

- Mellorar a empregabilidade no Concello do Porriño.
- Facilitar a incorporación de novos traballadores ás empresas é que poidan mellorar o seu desenvolvemento de negocio.
- Estimular a contratación e a incorporación ao mercado laboral de usuarios da Bolsa de Empleo.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Ditas bonificacións presentan tres modalidades, atendendo a circunstancias persoais dos traballadores a contratar, e a modalidade de contratación elixida:

- Bonificación a contratación de desempregados procedentes do Réxime de Autónomos e colectivos desfavorecidos: Ata 1.500 €
- Bonificación a contratación temporal: Ata 1.200 €
- Bonificación a contratación indefinida: Ata 2.000 €

O traballador contratado deberá pertencer a Bolsa de Empleo, e terá que figurar coma usuario Activo no momento de formalizar a contratación.

Os requisitos necesarios para acollerse a estas axudas virán especificados nas bases que regulan a súa concesión.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

DESTINATARIOS	Empresarios individuais, PEMES ou calquera outro tipo de empresa que acepten as condicións de pertenza do traballador a Bolsa de Empleo, independentemente da súa forma xurídica ou da súa ubicación física ou da súa domiciliación social.
FORMA DE ACCESO	Previa solicitude mediante o modelo normalizado establecido polas Bases Reguladora
EQUIPO	Concellaría de Empleo
PREVISIÓN ANUAL	Convocatoria anual. O número de beneficiarios dependerá do orzamento destinado a dita acción.
FINANCIAMENTO	Concello do Porriño.

